



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baxo - O Pino
32001 OURENSE



AON
Empower Results®



COMUNICADO Nº 055/20
17 DE MARZO DE 2020

NOTIFICACIÓN DE DON JOSÉ RAMÓN LETE LASA:

Estimado/a Presidente/a,

No día de hoxe, mantivemos unha reunión de traballo cos responsables do Consejo Superior de Deportes e das Comunidades Autónomas.

No curso da sesión dimos traslado dos asuntos que afectan ao eido deportivo derivados da crise do COVID-19, moitos deles apuntados por vós mesmos. Entre os temas abordados, tratamos o posible aprazamento dos Xogos Olímpicos e Paralímpicos e os sistemas de clasificación para os mesmos, así como o tema dos adestramentos dos afectados; o aprazamento ou cancelación das competicións de ámbito estatal, profesionais e non profesionais, así como das Ligas Autonómicas e as fases de ascenso e de descenso; a suspensión dos Campionatos de España de Seleccións Autonómicas; o peche dos centros de alto rendemento e tecnificación; ou os procesos de recoñecemento dos deportistas de alto nivel e as bolsas ás que poden optar. Asemade, abordamos tamén asuntos relativos ao eido económico e administrativo do deporte como os gastos xa asumidos por federacións e clubs para a realización dos campionatos, ou as medidas necesarias para o mantemento do emprego no deporte para técnicos e deportistas.

Os participantes quedamos emprazados para próximas reunións, e o Consejo Superior de Deportes quedou de responder as cuestións formuladas, información das que os daremos cumprida conta.

Recibe un afectuoso saúdo.

José Ramón Lete,

Secretario Xeral para o Deporte